

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 17.04.2026, apróbase a convocatoria e bases específicas do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de AXUDANTE-MECÁNICO/A, para prestar servizos de carácter temporal da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 091, do 23.04.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria e que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) foron publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

Vistos os puntos 6, 7 e 8.1.1.1 das ditas bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da anterior, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME
1	BUJÁN RIVAS, PEDRO
2	DÍAZ LÓPEZ, JOSÉ LUIS
3	GANCELO BLANCO, CARLOS
4	LÓPEZ SANGIL, ALBERTO
5	TEIJEIRO CABADO, JOSÉ MANUEL
6	VARELA BARREIRO, KEVIN

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH do Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

	IV76FTRKF5EPTTZ42JONCNTQCE	Fecha y Hora	08/09/2026 13:31:31	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76FTRKF5EPTTZ42JONCNTQCE		Página	

VOGAIS:

Titular: Don Manuel Pillado Rego, adxunto ao xefe do Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Fernández González, maquinista - condutor no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Titular: Don Adrián Rodríguez Morán, maquinista-condutor no Parque Mobil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Roi Lagos Rodríguez, maquinista-condutor no Parque Mobil da Deputación de Lugo.

Titular: Don Francisco Campanario Rodríguez, axudante mecánico no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Guerra Pérez, mecánico especialista no Parque Móbil da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Cristina González Santín, interventora adxunta da Deputación de Lugo.

COLABORADORA: Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan nas aulas de formación da Deputación de Lugo o día 14 de setembro de 2026, ás 10 horas e 30 minutos, para a súa constitución.

4º.- Citar ás persoas aspirantes admitidas e mais aos membros do Tribunal para que comparezan o día 23 de setembro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, ao obxecto de celebrar a proba de coñecementos xerais e específicos.

Debido á urxencia da incorporación dos efectivos, o Tribunal poderá acordar realizar o resto das probas a continuación, unha vez se comuniquen os resultados da proba previa (base xeral 8.1.1.1).

5º.- Publicar a presente a resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

O prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH).

	IV76FTRKF5EPTTZ42JONCNTQCE	Fecha y Hora	08/09/2026 13:31:31
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76FTRKF5EPTTZ42JONCNTQCE	Página	2/3





De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución na web corporativa, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,

P.D. Decreto de data 14-01-2026

O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV76FTRKF5EPTT42JONCNTQCE	Fecha y Hora	08/09/2026 13:31:31	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76FTRKF5EPTT42JONCNTQCE		Página	

